



AUDITORIO DE GALICIA

COLABORACIÓN DA OBERA A EXPOSICIÓN E CONGRESOS
Santiago de Compostela



INTERVENCIÓN XERAL

INFORME


REF.: 340/2019

ASUNTO: LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO ORGANISMO AUTÓNOMO AUDITORIO DE GALICIA CORRESPONDENTE O EXERCICIO ECONÓMICO DO 2018.

O orzamento de cada exercicio liquidarase en cuanto a recadación de dereitos e o pagamento de obrigas, ao 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da Tesourería local os ingresos e pagamentos pendentes, segundo os respectivos recoñecementos. En cumprimento do previsto no artigo 191 do texto refundido da lei Reguladora das Facendas Locais e 89.1 e 92 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, procédese a confeccionar a Liquidación do Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo dependente do Concello de Santiago de Compostela, AUDITORIO DE GALICIA, correspondente ao ano 2018.

I.- NORMATIVA A TOMAR CONSIDERACIÓN.

- Constitución española de 1978.
- Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, - LRBRL - .
- Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, - TRRL
- Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, - TRLRHL-.
- Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, polo que se desenrola o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988 de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais (Capítulo IV, Sección 3ª, Liquidación dos Orzamentos, artigos 89 a 105), - RP -
- Orden HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local - ICAL - .
- Orden de Economía e Facenda 3665/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura orzamentaria das Entidades Locais.
- Lei Orgánica 2/2012 del 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira - LOEPYSF - .
- Real Decreto 1463/2007 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 Xeral de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación as Entidades Locais.

- 
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de información previstas pola Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financieira.
 - Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financieira.
 - Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018.
 - Bases de Execución do Orzamento xeral para 2018.

II.- TRAMITACIÓN DO ESTADO DA LIQUIDACIÓN E ÓRGANO COMPETENTE PARA A SUA APROBACIÓN.

De conformidade co previsto nos artigos 191 e 192 do TRLRHL, e en igual senso o artigo 89 do RD 500/90 o peche e liquidación dos Orzamentos das Entidades Locais e dos Organismos Autónomos delas dependentes efectuarase, en cando a recaudación de dereitos e pago de obrigas o 31 de decembro do ano natural, quedando a cargo da Tesorería da Entidade Local os ingresos e pagos pendentes, segundo as súas respectivas contraccións, aparecendo recollidos no Remanente de Tesorería.

A liquidación dos orzamentos dos Organismos Autónomos, informada pola Intervención e proposta polo órgano competente destes, será remitida a entidade local para a súa aprobación polo seu Presidente (Artigo 192.2 TRLRHL e artigo 90.1 RD 500/1990).

A confección dos estados demostrativos da liquidación do Orzamento deberá realizarse antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte (artigo 191.3 TRLRHL e artigo 89.2 RD 500/90).

Unha vez aprobada pola Alcaldía-Presidencia a liquidación orzamentaria, de conformidade coa normativa que se ven citando daraselle o seguinte curso:

- Darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre (Artigo 193.4 TRLRHL e 90.2 RD 500/90).
- Remítitase copias da liquidación do orzamento a Comunidade Autónoma e á Delegación do Ministerio de Economía e Facenda (Artigo 193.5 TRLRHL e artigo 91 RD 500/90).

Actualmente a obriga de remisión de información ao Ministerio de Facenda está regulada na Orde HAP/2105/2012 do 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financieira.



AUDITORIO DE GALICIA

PALACIO DA OBRA EXPANSIÓNS E CONSERVACIÓNS
Santiago de Compostela



III.- CONTIDO DA LIQUIDACIÓN.

O estado da liquidación forma parte do conxunto das contas e estados que conforman a Conta Xeral e que se debe formar á finalización de cada exercicio económico. A liquidación non é tanto unha forma de rendición de contas senón máis ben unha representación cifrada do resultado da xestión económica, limitada estritamente ao orzamento e a un exercicio económico determinado. A aprobación da Conta Xeral en ningún caso implica a aprobación da liquidación do orzamento que ten que producirse con carácter previo á aprobación daquela nas datas e condicións indicadas no epígrafe anterior do presente informe.

Segundo a Instrución de contabilidade para a Administración Local, - Orde HAP/1791/2013, do 20 de setembro -, a liquidación do Orzamento estrutúrase en tres partes:

- Primeira: Liquidación do orzamento de gastos.
- Segunda: Liquidación do orzamento de ingresos.
- Terceira: Resultado orzamentario.

De acordo co disposto no artigo 93 do RD 500/90, a liquidación deberá poñer de manifesto:

- Estado de gastos: (para cada aplicación orzamentaria): Créditos iniciais, modificacións e créditos definitivos, gastos autorizados e comprometidos, obrigacións recoñecidas, pagos ordenados e pagos realizados.
- Estado de ingresos (para cada concepto): Previsións iniciais, modificacións e previsións definitivas, dereitos recoñecidos e anulados e dereitos recadados.
- Respecto das operacións de Orzamentos pechados, para os ingresos, as modificacións das previsións, dereitos anulados, dereitos cancelados, recaudación e pendente de cobro. En canto as obrigas, o saldo inicial, as modificacións, pagamentos feitos e obrigas pendentes a 31 de decembro.

E como consecuencia da liquidación do Orzamento deberá determinarse:

- Os dereitos pendentes de cobro e obrigacións pendentes de pago ao 31 de decembro.
- O resultado do exercicio.
- Os remanentes de crédito
- O Remanente de Tesouraría.

Aos efectos de medir os resultados, tamén se incorporará ao informe, distintos indicadores e magnitudes comparadas, de tal xeito que poda facerse unha comparativa dos estados de execución, pagos, liquidez e demais datos e magnitudes de interese.

Por último indicar, que debe terse en conta igualmente que na actual Orde EHA/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a nova Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local que é de aplicación dende o exercicio 2015, a regulación das magnitudes de carácter orzamentario que se contiñan no capítulo IV do Título II da Instrucción de contabilidade do modelo normal de contabilidade local de 2004, se trasladada agora a Terceira Parte "Cuentas Anuales" do Plan de Contas anexo a vixente Instrucción. En concreto, a regulación do Resultado orzamentario se trasladada as normas de elaboración do Estado de Liquidación do Orzamento e a regulación do Remanente de Tesourería o apartado 24.6 da Memoria.

IV.- RESULTADOS E MAGNITUDES ORZAMENTARIAS.

Realizada a liquidación do orzamento correspondente ao exercicio económico do 2017, obtivéronse os seguintes resultados:

1.- Respecto do estado de gastos do Orzamento.

1.1.- Polo que respecta o Orzamento corrente que rexiu no exercicio que se liquida.

GASTOS EJERCICIO CORRIENTE	IMPORTE	2018
A.- Presupuesto inicial. Gastos	3.098.040,00	
B.- Modificacións gastos	210.743,85	
C.- Orzamento definitivo gastos (A + B)	3.308.783,85	
D.- Gastos autorizados	3.016.303,22	
E.- Gastos comprometidos	3.016.303,22	
F.- Obrigas recoñecidas netas	2.918.107,07	
G.- Pagamentos realizados	2.232.574,93	
H.- Obrigas pendentes de pagamento	685.532,14	





1.2.- En cuanto a ejercicios pechados:

	2018
GASTOS EJERCICIOS PECHADOS	IMPORTE
A.- Saldo inicial de obrigas	723.874,29
B.- Rectificación de obrigas iniciais	-
C.- Total saldo inicial de obrigas (A + B)	723.874,29
D.- Saldo inicial de pagamentos ordenados	14,14
E.- Rectificación saldo inicial de pagamentos ordenados	-
F.- Total saldo inicial pagamentos ordeados (D + E)	14,14
G.- Pagamentos ordeados o exercicio	723.874,29
H.- Total pagamentos ordeados (D + G)	723.888,43
I.- Pagamentos realizados	723.888,43
J.- Obrigas prescritas	-
K.- Saldo actual de obrigas (C- G - J)	-
L.- Saldo actual de pagamentos ordeados (F + G + I)	-
LL.- Obrigas pendentes de pagamento (K + L)	-

2.- Respecto o estado de ingresos do Orzamento.

2.1.- Polo que concierne o orzamento corrente:

INGRESOS EJERCICIO CORRENTE	IMPORTE
A.- Orzamento inicial. Ingresos	3.098.040,00
B.- Modificacións. Ingresos	210.743,85
C.- Orzamento definitivo ingresos (A + B)	3.308.783,85
D.- Dereitos recoñecidos brutos	3.320.625,90
E.- Dereitos anulados	-
F.- Dereitos cancelados	-
G.- Dereitos recoñecidos netos (D - E- F)	3.320.625,90
H.- Recaudación bruta	2.435.057,62
I.- Devolución de Ingresos	-
J.- Recaudación neta (H-I)	2.435.057,62
K.- Dereitos pendentes de cobro (G -- J)	885.568,28





2.2.- En canto a agrupación de exercicios pechados:

	2.018
	IMPORTE
INGRESOS EJERCICIOS PECHADOS	
A.- Saldo inicial de dereitos recoñecidos (B + C + D)	790.953,14
B.- Saldo inicial de dereitos	790.953,14
C.- Rectificacións en aumento	-
D.- Rectificacións a baixa	-
E.- Dereitos anulados (F + G)	-
F.- Por anulación de liquidacións	-
G.- Por aplazamentos e fraccionamentos	-
H.- Dereitos cancelados (I + J + K + L)	-
I.- Por cobros en especie	-
J.- Por insolvencias	-
K.- Por outras causas	-
L.- Por prescripción	-
M.- Dereitos recoñecidos netos (B + C - D - E - H)	790.953,14
N.- Dereitos recaudados	673.952,67
O.- Dereitos pendentes de cobro (M - N)	117.000,47



3.- En canto as **modificacións orzamentarias** tramitadas e aprobadas durante o exercicio cuxa liquidación se informa mostranse na taboá que se inserta de seguido, segundo a tipoloxía da modificación orzamentaria:

MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
CTOS. EXTRAORD SUPLEMENT CTO	0,00
AMPLAC.CTO	0,00
TRANSF. POSITIV	0,00
TRANSF. NEGATIV	0,00
INCOR.REMANET	0,00
XERACION CTO	210.743,85
BAIXAS ANULACIÓN	0,00
TOTAL	210.743,85



4.-O Resultado Orzamentario do exercicio presenta o seguinte detalle:

CONCEPTO	DCHOS RECONOCID		OBLIG RECONOCID		AJUSTES	RESULTADO	
	NETOS	NETAS	NETAS	NETAS		PRESUPOSTARIO	
a).- Operaciones corrientes	2.770.625,90		2.597.039,90			173.586,00	
b).- Otras operaciones no financieras	550.000,00		321.067,17			228.932,83	
1.- Total operaciones no financieras (a + b)	3.320.625,90		2.918.107,07			402.518,83	
2.- Activos financieros	0,00		0,00			0,00	
3.- Pasivos financieros	0,00		0,00			0,00	
RESULTADO PRESUPOSTARIO EJERCICIO	3.320.625,90		2.918.107,07			402.518,83	
AJUSTES							
4. Ctos. gastos financiados con RTGG							0,00
5. Desviaciones financiación negativas ejercicio							0,00
6. Desviaciones financiación positivas ejercicio							249.020,62
RESULTADO PRESUPOSTARIO AJUSTADO							153.498,21



5.- O estado contable do **Remanente de Tesourería** do ano o que se refire a liquidación e o inmediato anterior reflíctese na taboa que se inserta de seguido:

	IMPORTES AÑO	
	2018	2017
1. (+) Fondos líquidos	509.086,45	422.217,29
2. (+) Dereitos pendentes de cobro	1.009.532,31	703.195,61
(+) De orzamento corrente	885.568,28	339.061,78
(+) De orzamentos pechados	117.000,47	451.891,36
(+) De operacións non orzamentarias	19.901,16	23.855,44
(-) Ingresos pendentes de aplicación	12.937,60	111.612,97
3.- (-) Obrigas pendentes de pagamento	875.537,22	884.850,19
(+) De orzamento corrente	685.532,14	525.133,35
(+) De orzamentos pechados	0,00	198.755,08
(+) De operacións non orzamentarias	190.677,07	162.596,27
(-) Pagos pendentes de aplicación	671,99	1.634,51
I.- Remanente de Tesorería total (1 + 2 + 3)	643.081,54	240.562,71
II.- Saldos de dubidoso cobro	101.748,67	185.471,40
III.- Excesos de financiación afectada	249.083,08	63,83
IV.- Remanente Tesorería Gtos.Grales. (I – II – III)	292.249,79	55.027,48



V.- CONSIDERACIÓN.

PRIMEIRA.- O Orzamento municipal que rexiu no exercicio cuxa liquidación se informa, se presentou inicialmente nivelado, cos seguintes importes en termos agregados en gastos e ingresos:

	OO.AA.
Ingresos (recursos iniciais)	3.098.040,00
Gastos (créditos iniciais)	3.098.040,00
Diferencia	-

Polo tanto o orzamento municipal preventivo para o exercicio económico liquidado cumpriu o mandado recollido no artigo 165.4 TRLRHL, en canto que o orzamento debe aprobarse sen déficit inicial.

Durante o exercicio tramitaronse un total de 3 modificacións de crédito orzamentarios, todos eles na modalidade de xeración de créditos, financiándose con compromisos de aportación doutras instancias administrativas, por un total de 210.743,85 euros.

Un primer expediente de modificación orzamentaria foi aprobado por resolución do Sr. Presidente do Consello Reitor en data de 21 de setembro do 2018, xerándose crédito no estado de gastos do orzamento do organismo por un total de 171.643,85 euros. Os compromisos de aportación se correspondían con unha subvención concedida pola Axencia Galega das Industrias Culturais por importe de 25.493,85 euros para financiamento do XV Festival Internacional de cinema Cortocircuito 2018, e dúas subvencións concedida pola Deputación da Coruña por importes de 84.150,00 e 62.000,00 euros para financiamento dos gastos do XV Festival Internacional de curtametraxes Cortocircuito 2018 e XXXII Festival Internacional de Cinema Cineuropa. Iste expediente se identifica como 2018-XERAC-01.

Un segundo expediente, 2018-XENER-02, aprobado por resolución da presidencia do organismo, se tén xerado crédito por importe de 28.000,00 euros en base a compromiso de aportación derivado de Convenio coa Diputación Provincial da Coruña para financiamento da programación cultural 2018.

Finalmente, por un tercer expediente xerouse crédito por importe de 11.100,00 euros, correspondente a unha achega do Instituto de cinematografía e das artes audiovisuais para o financiamento do 32ª Festival internacional Cineuropa 2018 e 15 o Festival internacional de curtametraxes CurtoCircuito 2018, por importes de 9.700,00 euros e 1.400,00 euros, respectivamente.



O detalle das modificacións de crédito tramitadas e aprobadas no exercicio e o seu importe total contense no cadro que figura de seguido:

MODIFICACION ORZAMENTARIA	
CREDITOS EXTRAORDINARIOS	0,00
SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	0,00
AMPLIACIONES DE CRÉDITO	0,00
TRANSF. DE CRÉDITO POSITIVAS	0,00
TRANSF. DE CRÉDITO NEGATIVAS	0,00
INCCORP. REMANENTE DE CRÉDITO	210.743,85
CRÉDITOS GENERADOS POR INGRESOS	0,00
Baixas por ANULACION	0,00
AXUSTES PRORROGA	0,00
TOTAL	210.743,85

En definitiva, as modificacións levadas a cabo nos créditos iniciais do Orzamento inicial ou preventivo, ascenderon a un total de 210.743,85 euros, o que supuxo un 6,80% do orzamento inicial autorizado para o exercicio.

Finalmente como consecuencia de ditas modificacións o Orzamento definitivo resumido sería o seguinte:

ENTIDAD	
Ingresos (recursos definitiv)	3.308.783,85
Gastos (recursos definitivos)	3.308.783,85
Diferencia	-



Manténdose, en consecuencia, o requisito formal da non existencia de déficit entre ingresos y gastos orzamentarios, como require a normativa reguladora das facendas locais.

SEGUNDA.- Xestión Orzamentaria.

Os indicadores que se amosan de seguido valoran o resultado da xestión orzamentaria efectuada, informando sobre o grao no que as previsións definitivas de ingresos teñen dado lugar a liquidación de dereitos é os créditos definitivos ten producido o recoñecemento de obrigas.

Asemismo, mostran o proceso ou grao de conversión en liquidez dos dereitos de cobro liquidados e o ritmo de pago das obrigas.

O comportamento distes índices no exercicio a que se refire a liquidación que se informa e a dos dous exercicios anteriores a iste, ten sido o seguinte:

	2018	2017	2016
Ejecución de ingresos	100,36%	95,04%	94,46%
Ejecución de gastos	88,19%	94,84%	95,10%
Recaudación de ingresos corrientes	73,33%	87,23%	79,48%
Pagos de los gastos corrientes	76,51%	80,18%	71,02%

Resulta significativo a sensible redución no índice de execución de gastos, o cal expresa a porcentaxe que supoñen as obrigas recoñecidas con cargo ao orzamento de gastos do exercicio corrente en relación co volume de créditos definitivos. Este menor nivel de execución obedece a que o orzamento cuxa liquidación se informa incluía unha dotación económica para investimentos por importe de 550.500,00 euros dos cales se converteron en obrigas recoñecidas un total de 321.067,17 euros, manténdose o grao de execución no resto de capítulos do orzamento en niveis similares a exercicios anteriores, nos cales non se contemplaban dotacións económicas para investimentos ou en cifras sensiblemente inferiores como o correspondente ao exercicio 2016 que incluía créditos para gastos de capital por importe de 24.500,00 euros. Por conseguinte, o menor volume de execución dos gastos no exercicio 2018 coñ respecto aos dous anteriores, concéntrase na execución dos investimentos, correspondéndose co proxecto de gasto 2018.2. INVES.1, destinado a investimento en mobiliario, concretamente á reposición de butacas na sala Angel Brage do Auditorio. Esta actuación de investimento financiábase integramente por unha transferencia de capital do Concello por igual importe recoñecéndose na contabilidade do organismo o dereito polo total importe da mesma, producíndose en consecuencia unha desviación positiva ou exceso de

financiamento na execución do devandito proxecto por importe de 229.432,83 euros que permitirá o financiamento da incorporación do remanente de crédito resultante ao exercicio do 2019.



A liquidación e recoñecemento do correspondente dereito pola referida transferencia de capital da entidade matriz e non producirse o ingreso da mesma no exercicio económico do 2018, é a que determina que o índice de recadación de ingresos do orzamento corrente deste exercicio sexa significativamente mais baixo que o de exercicios anteriores.

Por conseguinte, pode concluirse que o grao de execución dos gastos e ingresos e os índices de pago de gastos e recadación de ingresos do orzamento corrente do organismo correspondente o ano a que se refire a liquidación que se informa, posiciónase en valores similares aos dous exercicios anteriores, obedecendo ás distorsións que acusan algúns destes índices, nos termos expresados anteriormente, o ritmo de execución da actuación de investimento que incorporaba aquel orzamento.

Resulta convinte en relación con istes índices e fundamentalmente de aqueles que informan en termos de execución orzamentaria, observar o seu comportamento separando as operacións correntes das operacións de capital, así como as operacións financeiras das non financeiras, dado que no caso por exemplo dos gastos de persoal, de compras de bens correntes e servizos e en menos medida os gastos financeiros, a súa planificación podese realizar con un razoable grao de precisión, dado que son partidas fácilmente predecibles, o que non acontece no caso das operacións de capital que poden vir condicionadas por dilatados períodos de execución dos investimentos, en canto que non suelen finalizar a súa execución no exercicio en que se inician provocando unha elevada incorporación de remanentes de crédito nos exercicios seguintes, que orixinan un retraso na realización do correspondente gasto e proxecto respecto da previsión inicial.

A estes efectos insertamos de seguido, para cada un dos tres anos, a execución dos estados de ingresos e gastos do orzamento do organismo a nivel de capítulo da clasificación económica en termos de dereitos recoñecidos e obrigas recoñecidas netas.

ANO 2018

Estado de gastos

CAPITULO	INICIAIS	MODIFICAC	DEFINITIV	ORN	%S		PAGOS	%S/ORN	PDTE.PAGO
					DEFINIT	ORN			
1	847.166,32		847.166,32	828.077,76	97,75	823.243,79	99,42	4.833,97	
2	1.677.873,68	210.743,85	1.888.617,53	1.757.462,14	93,06	1.373.693,30	78,16	383.768,84	
3	1.000,00		1.000,00	0,00	-	0,00		0,00	
4	11.500,00		11.500,00	11.500,00	100,00	0,00	-	11.500,00	
6	550.500,00		550.500,00	321.067,17	58,32	35.637,84	11,10	285.429,33	
8	10.000,00		10.000,00	0,00	-			0,00	
TOTAL	3.098.040,00	210.743,85	3.308.783,85	2.918.107,07	88,19	2.232.574,93	76,51	685.532,14	

Estado de ingresos

CAPITULO	INICIAIS	MODIFICAC	DEFINITIV	DRN	%S/DEFINIT		RECAUDAC	%S/DRN	PDTE
					DEFINIT	DRN			
3	581.095,15		581.095,15	549.993,08	94,65	547.006,47	99,46	2.986,61	
4	1.952.099,40	210.743,85	2.162.843,25	2.216.087,37	102,46	1.883.505,70	84,99	332.581,67	
5	4.845,45		4.845,45	4.545,45	93,81	4.545,45	100,00	0,00	
7	550.000,00		550.000,00	550.000,00	100,00		-	550.000,00	
8	10.000,00		10.000,00		-			0,00	
TOTAL	3.098.040,00	210.743,85	3.308.783,85	3.320.625,90	100,36	2.435.057,62	73,33	885.568,28	

ANO 2017



Estado de gastos.

CAPTULO	INICIAIS	MODIFICAC	DEFINITIV	ORN	%/S DEFINIT	PAGOS	%S/ORN	PDTE.PAGO
1	832.870,29		832.870,29	797.665,15	95,77	793.812,03	99,52	3.853,12
2	1.662.962,00	242.914,08	1.905.876,08	1.811.730,80	95,06	1.329.580,84	73,39	482.149,96
3	1.000,00		1.000,00		-	0,00	-	0,00
4	20.000,00		20.000,00	19.500,00	97,50	0,00	-	19.500,00
6	24.500,00		24.500,00	21.051,28	85,92	1.421,01	6,75	19.630,27
8	10.000,00		10.000,00	0,00	-			0,00
TOTAL	2.551.332,29	242.914,08	2.794.246,37	2.649.947,23	94,84	2.124.813,88	80,18	525.133,35

Estado de ingresos.

CAPTULO	INICIAIS	MODIFICAC	DEFINITIV	DRN	%S/DEFINIT	RECAUDAC	%S/DRN	PDTE COBRO
3	551.032,29	69.674,17	620.706,46	645.494,33	103,99	605.304,22	93,77	40.190,11
4	1.990.000,00	173.239,91	2.163.239,91	2.010.028,95	92,92	1.711.157,28	85,13	298.871,67
5	300,00		300,00	0,00	-	0,00	-	0,00
7	0,00		0,00	0,00	-		-	0,00
8	10.000,00		10.000,00		-		-	0,00
TOTAL	2.551.332,29	242.914,08	2.794.246,37	2.655.523,28	95,04	2.316.461,50	87,23	339.061,78



ANO 2016

Estado de gastos

CAPITULO	INICIAIS	MODIFICAC	DEFINITIV	ORN	%/S		PAGOS	%S/ORN	PDTE.PAGO
					DEFINIT	ORN			
1	841.705,78	-54.500,00	787.205,78	759.021,12	96,42	757.125,60	99,75	1.895,52	
2	1.431.862,00	175.819,23	1.607.681,23	1.583.710,02	98,51	1.076.429,62	67,97	507.280,40	
3	1.000,00		1.000,00	0,00	-	0,00		0,00	
4	20.000,00	248.755,08	268.755,08	238.920,90	88,90	0,00	-	238.920,90	
5	40.000,00		40.000,00	0,00	-	0,00		0,00	
6	24.500,00	-24.500,00	0,00	0,00		0,00		0,00	
8	10.000,00		10.000,00	0,00	-	0,00		0,00	
TOTAL	2.369.067,78	345.574,31	2.714.642,09	2.581.652,04	95,10	1.833.555,22	71,02	748.096,82	

Estado de ingresos.

CAPITULO	INICIAIS	MODIFICAC	DEFINITIV	DRN	%S/DEFINIT		RECAUDAC	%S/DRN	PDTE COBRO
					DEFINIT	DRN			
3	548.717,01		548.717,01	580.587,89	105,81	548.427,89	94,46	32.160,00	
4	1.810.050,77	146.819,23	1.956.870,00	1.983.762,86	101,37	1.489.616,24	75,09	494.146,62	
5	300,00		300,00	0,00	-	0,00		0,00	
7	0,00		0,00	0,00				0,00	
8	10.000,00	198.755,08	208.755,08		-			0,00	
TOTAL	2.369.067,78	345.574,31	2.714.642,09	2.564.350,75	94,46	2.038.044,13	79,48	526.306,62	

No referente a agrupación contable de orzamentos pechados, no cadro que se inserta de seguido informase da evolución da relación de debedores de orzamentos pechados no exercicio que se liquida e os correspondentes porcentaxes de xestión e cobro.

INGRESOS PECHADOS	
PDTE COBRO 1-1-2018	790.953,14
RECTIFICACIÓN	0,00
PDTE. COBRO EXERCICIO	790.953,14
ANULACIÓN	0,00
RECAUDACION	673.952,67
TOTAL DEREIR ANUL E CANCEL	673.952,67
PDTE COBRO 31-12-2018	117.000,47
% XESTIÓN	85,21
% RECAUDACION	85,21

En relación cos pagos o saldo inicial de obrigas e pagos ordeados pendentes, así como os pagos realizados e o saldo final de obrigas recoñecidas a nivel agregado ten sido o seguinte:

OBRIGAS	PAGOS	TOTAL	PAGOS	OBRIGAS	%
PDTES 1-1	PDTES 1-1	OBRIGAS 1-	REALIZADOS	PDTES 31-	PAGOS
723.888,43	0,00	723.888,43	723.888,43	0,00	100,00



TERCEIRA.- RESULTADO ORZAMENTARIO.

RDO.PRESUPUESTARIO	2018	2017	2016
1. Dereitos recoñecidos netos	3.320.625,90	2.655.523,28	2.564.350,75
2. Obrigas recoñecidas netas	2.918.107,07	2.649.947,23	2.581.652,04
3. Rdo antes de axuste (1 - 2)	402.518,83	5.576,05	-17.301,29
4. Gts.financiados con Rem.liqui	0,00	0,00	198.755,08
5. Desviacións negativas	0,00	0,00	0,00
6. Desviacións positivas	249.020,62	63,83	0,00
7. Rdo.axustado (3+4+5+6)	153.498,21	5.512,22	181.453,79

O Resultado Orzamentario ou superávit/déficit do exercicio, é unha magnitude fluxo que se refire exclusivamente a operacións orzamentarias e que compara o estado de gastos e ingresos do Orzamento do exercicio corrente en termos de execución, enfrontando os ingresos liquidados coas obrigacións recoñecidas durante o exercicio, poñendo de manifesto en que medida os Ingresos obtidos á longo do exercicio orzamentario conseguiron dar cobertura aos gastos xerados durante o exercicio, o mesmo, presentando na liquidación que se informa, unha vez axustado, valores positivos por importe de 153.498,21 euros, o que supón que os dereitos recoñecidos netos superaron ás obrigacións recoñecidas netas no indicado importe, é dicir, os recursos obtidos durante o exercicio permitiron o financiamento de todas as obrigacións recoñecidas durante o mesmo, pagadas e non pagadas, existindo ademais un exceso de recursos, por contía equivalente ao Resultado orzamentario obtido.

Polo que respecta o exercicio cuxa liquidación se esta a informar, tal e como se amosa no cadro anterior o único axuste que procede realizar sobre o saldo orzamentario e o derivados das desviacións de financiación afectada positivas o exercicio, procedendo neste senso un axuste negativo no resultado orzamentario, o trátase de aqueles casos en que se reconece o ingreso afectado no exercicio por un importe superior o gasto que financia, sendo o importe da desviación positiva acada xustamente ise exceso.

Este o único axuste a verificar sobre esta variable, dado que no exercicio 2018 non se teñen rexistrado gastos devengados en dito exercicio e non imputados o orzamento, información que se obtén da conta 413 de Obrigas pendentes de imputación o orzamento, cuxo saldo segundo luce no balance de situación a 31 de decembro do 2018 e cero. Polo tanto non procede a corrección desta magnitude fluxo orzamentaria en aplicación do principio do devengo, é en definitiva o valor contable por importe de 153.498,21 euros do resultado orzamentario que arroxa a liquidación do exercicio 2018 determina un superávit ou excedente que formará parte do Remanente de Tesourería, implicando un impacto positivo sobre o mesmo.



CUARTA.- REMANENTES DE CRÉDITO.

Os Remanentes de crédito mostran os importes dos diferentes créditos non gastados ao peche do exercicio. O seu cálculo pode efectuarse por diferenza entre os créditos definitivos e as obrigacións recoñecidas e en calquera caso vén dado pola suma dos seguintes saldos:

- Saldos de créditos
- Saldos de autorizacións; e
- Saldos de compromisos ou disposicións.

Nos estados contables que se inclúen no expediente administrativo de liquidación do Orzamento do exercicio 2018 inclúense os correspondentes aos Remanentes de crédito por aplicacións orzamentarias, distinguindo entre os comprometidos e os non comprometidos, e os incorporables e non incorporables.

Da documentación incorporada ao expediente dedúcese un total de remanentes de 390.676,78 euros, pola totalidade dos saldos anteriores.

Os Remanentes incorporables constitúen unha excepción ao principio de anualidade orzamentaria, o cal establece que procederá a anulación dos créditos que ao último día do exercicio non estean afectados o cumprimento de obrigacións, aínda que poderán incorporarse ao exercicio inmediato seguinte, sempre que existan suficientes recursos financeiros, os seguintes créditos (artigo 175 TRLRHL):

- Transferencias e créditos adicionais concedidos no último trimestre.
- Créditos correspondentes a gastos dispostos ou comprometidos, para os que, por as razóns que foran, non se ten recoñecido a obriga.
- Créditos por operacións de capital; e
- Créditos vencellados a ingresos afectados ou finalistas. Istos deben incorporarse con carácter obrigatorio e sin límites no número de exercicios de incorporación, salvo que se desista total ou parcialmente de continuar a súa execución.

Fronte aos remanentes de crédito non incorporables que determinan unha perda ou atraso na capacidade de gasto que como indicamos os créditos non gastados, con carácter xeral, anuláanse a fin de exercicio, os susceptibles de incorporación e os de incorporación obrigatoria non implican a perda dos mesmos, senón que implican un atraso na realización do gasto con respecto á previsión inicial, dado que son incorporados ao orzamento do exercicio seguinte xuntamente co financiamento que lles daba cobertura.



O importe dos Remanentes de Créditos é o seguinte:

• Remanentes de Crédito. Saldo de Disposiciones:	98.196,15
• Remanentes de Crédito. Saldo de Autorizaciones:	0,00
• Remanentes de Crédito. Saldos de Retenciones:	39.045,89
• Remanentes de Crédito. Saldos de Créditos:	253.434,74

QUINTA.- REMANENTE DE TESOURERÍA.

REMANENTE DE TESOURERÍA	2018	2017	2016
1. Fondos líquidos de Tesourería	509.086,45	422.217,29	488.670,38
2. Dereiros pdtes.de cobro	1.022.469,91	814.808,58	645.151,57
3. Obrigas pdtes de pago	876.209,21	886.484,70	895.298,66
4. Partidas pdtes.aplicación	-12.265,61	-109.978,46	-3.536,63
5. Remanente Tesorería Total (1+2-3-4)	643.081,54	240.562,71	234.986,66
6. Provisión para insolvencias	101.748,67	185.471,40	67.233,75
7. Excesos de financiación afectada	249.083,08	63,83	0,00
8. Remanente Tesorería Gastos Xerais (5-6-7)	292.249,79	55.027,48	167.752,91

O Remanente de Tesourería vén regulado no artigo 191.2 do TRLRHL; 101 a 104 do RD 500/90e as Regras 81 a 86 da ICAL. Dispoñen os preceptos citados que l Remanente de Tesourería estará integrado polos dereitos pendentes de cobro, as obrigas pendentes de pago e os fondos líquidos, todo iso referido ao 31 de decembro do exercicio.

Os fondos líquidos, veñen determinados polo efectivo e os saldos monetarios que o organismo mantén en entidades de depósito e financeiras e que contablemente rexístranse en contás do subgrupo 57 de efectivo e activos líquidos equivalentes.

Polo que respecta aos dereitos pendentes de cobro e obrigas pendentes de pago, que inclúen os xerados no exercicio corrente que se pexa, así como os procedentes da agrupación de exercicios pechados e os de carácter non orzamentario, da análise da evolución dos mesmos durante o exercicio cuxa liquidación se informa, despréndese a necesidade de levar a cabo unha depuración do pendente de cobro.

Polo que atíñe as partidas pendentes de aplicación, esto e, cobros y pagos realizados pendentes de aplicación orzamentaria, rexistrados contablemente nas divisionarias das contas 554 e 555, ascenden a 12.937,60 e 671,99 euros, respectivamente.

O Remanente de Tesorería Total en base aos cálculos descritos, ascende para o exercicio cuxa liquidación se informa a 643.081,54 euros.

O artigo 191.2 TRLRHL e artigos 102 e 103 RD 500/1990 establecen que a cuantificación do Remanente de Tesorería deberá efectuarse tendo en conta dos posibles ingresos afectados e minorando os dereitos de difícil ou imposible recadación.

Polo que respecta á dotación por deterioración dos créditos derivados de debedores orzamentarios que ascende á cifra de 101.748,67 euros, determináronse seguindo os criterios contidos no artigo 193 bis do TRLRHL.

Así en efecto, á disposición adicional quinta das Bases de execución do orzamento cuxa liquidación se informa, remite en canto aos criterios de determinación dos saldos de dudoso cobro aos que con carácter de mínimos contéñense no artigo 193 bis do TRLRHL, os cales foron introducidos neste corpo legal polo número uno do artigo segundo da Lei 27/2013 do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local. Este precepto sinala o seguinte:

Artículo 193 bis. Dereitos de difícil o imposible recadación.

Las Entidades locales deberán informar al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas y a su Pleno, u órgano equivalente, del resultado de la aplicación de los criterios determinantes de los derechos de difícil o imposible recadación con los siguientes límites mínimos:

- a) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los dos ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 25 por ciento.*
- b) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos del ejercicio tercero anterior al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 50 por ciento.*
- c) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los ejercicios cuarto a quinto anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo en un 75 por ciento.*
- d) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los restantes ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán en un 100 por ciento.*





Con todo, a disposición adicional quinta das bases de execución citada, contempla a posibilidade de que os saldos de dubidoso cobro resultantes da aplicación do precepto legal transcrito poidan ser incrementados a proposta motivada da Intervención co visto e prace da Concellería de Facenda. Das liquidacións orzamentarias do organismo correspondentes a anos anteriores o 2018,ponse de manifesto que se ven aplicado un criterio de prudencia minorando ó 100 por cento os saldos pendente de cobro do concepto 55000 "Concesións administrativas-Restaurante Auditorio" por considerarse improbable a súa posibilidade real de cobro.

Esta consideración de tales saldos pendentes de cobro cuxo importe se corresponden coa totalidade do importe pendente de cobro polos anos 2012,2013 e 2014, determina que se a provisión se dote polo 100 por cen de ditos saldos, con independencia de que por aplicación directa do artigo 193 bis do TRLRHL lle corresponda unha porcentaxe menor, como sería o caso para a liquidación que se informa que a porcentaxe a aplicar os exercicios 2013 e 2017 sería do 75%.

Estas debedas pendentes de cobro se corresponden co canon que debía satisfacer o anterior concesionario do servizo de cafetería do Auditorio, tendose producido un impago polos anos 2012 a 2014, e como queira que o organismo non ten facultade de recaudación na vía de apremio, no seu momento, mediante acordo do Consello Reitor, se cargaron a Tesourería do Concello esta debedas, non satisfeitas en período voluntario de cobro, para a súa recaudación en vía executiva previa providencia de apremio a dítar polo Tesoureiro municipal.

Na actualidade é a vista de que non se ten producido o cobro ou baixa en contas de ditas débedas, ademais de manterse, como se deixa dito, o criterio en canto a dotación da provisión de insolvencia, se ten instado a Administración do organismo, os efectos de que solicite información a Tesourería do Concello o respecto da situación de ditas débedas e a xestión que na vía executiva se teña levado a cabo, os efectos de analizar si tales débitos se corresponden con unha situación de insolvencia provisional podendo proceder una declaración de fallidos, ou en último término si tales valores pendentes de cobro haberanse extinguido por ter operado o instituto da prescripción.

En definitiva, a aplicación dos criterios que se deixan expostos determinan unhas provisión de dubidoso cobro cuxos importes se recollen no cadro que se inserta de seguido:

ANO	PDE.COBRO	% PROVISION	DOTACIÓN PROVISION
2005	689,65	100,00	689,65
2008	16.262,25	100,00	16.262,25
2010	3.000,00	100,00	3.000,00
2011	17.354,64	100,00	17.354,64
2012	25.901,76	100,00	25.901,76
2013	25.901,76	100,00	25.901,76
2014	7.554,68	100,00	7.554,68
2016	18.535,73	25,00	4.633,93
2017	1.800,00	25,00	450,00
TOTAL	117.000,47		101.748,67



En cuanto os excesos de financiación afectada que ascenden a 249.083,08 euros, veñen determinados polas desviacións de financiación positivas acumuladas producidos nos proxectos de gastos con financiación afectada ou finalista. Estes excesos de financiación configúranse como un recurso para financiar a incorporación de remanentes de crédito de gastos con financiación finalista cuxa incorporación e obrigación por imperativo legal, salvo que se desista de continuar coa execución do proxecto en cuestión.

Deducidos os excesos de financiación e a dotación de saldos de difícil ou imposible recaudación obtense un Remanente de Tesourería para gastos xerais por importe de 292.249,79 euros.

Iste Remanente de Tesourería así delimitado e cuantificado constitúe unha magnitude de carácter financeiro que representa o excedente de liquidez a curto prazo que a entidade ten a data de peche do exercicio, esto e, a 31 de decembro do exercicio que se liquida, representativa do grado de autofinanciación do organismo e determinado o excedente de financiación do que dispon para afrontar o gasto autorizado e comprometido (Remanentes de crédito) e o gasto para exercicios vindeiros.



O Remanente de Tesoureira así exposto e o deducido directamente dos saldos contables e cuantificado segundo o establecido na vixente Instrución contable, pero o seu valor informativo poidera quedar distorsionado si non se ten en conta o saldo das obrigas vencidas e esixibles pendentes de Imputación o orzamento e que se obteñen do saldo acreedor das divisionarias da conta 413 do Plan Xeral de Contabilidade para a Administración Local. Na contabilidade do organismo correspondente o exercicio cuxa liquidación orzamentaria se está a informar as contas divisionarias da conta 413 arrojan un saldo nulo, e polo tanto o non terse verificado rexistro algún nas mesmas non procede axuste no Remanente de Tesoureira por non existir obrigas pendentes de imputación o orzamento.

Asimismo tamén debe terse en conta que de acordo coa Instrución de Contabilidade vixente as operacións de devolución de ingresos aprobadas non se reflicten no orzamento en tanto en cuanto non se fan efectivas, razón pola que deben de axustarse os dereitos recoñecidos polo importe dos acreedores por devolución de ingresos. Non constan a 31 de decembro nos estados demostrativos da liquidación do organismo acordos de devolución de ingresos pendentes de pago, polo que tampouco procede efectuar axuste algún por esta circunstancia no valor contable obtido do Remanente de Tesoureira para gastos xerais, que importa a cifra de 292.249,79 euros e que coincide co seu valor real.

VI.- ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

Se examina con carácter independente de conformidade co indicado no artigo 16.2 do RD 1463/2007 polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, Xeral de Estabilidade Orzamentaria, entendendo o mesmo vixente (tras a promulgación da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira).

VII.- CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO (ARTIGO 12 LEI ORGÁNICA 2/2012 DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA – LOEPYSF -).

Por dispoñelo así a LOEPYSF con motivo da súa aprobación o orzamento do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia para o ano 2018, habería de adecuar necesariamente os seus ingresos e gastos ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria que, de conformidade co previsto no artigo 15 do referido corpo legal, aprobou inicialmente o Consello de Ministros na súa sesión do 7 de xullo do 2017.

Unha das novidades introducidas pola LOEPYSF foi a xeneralización para todas as entidades locais da regra de gasto (introducida en principio no extinto RD Lexislativo 2/2007 do 28 de decembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral Orzamentaria para as entidades locais dos artigos 111 e 135 TRLRHL pola Real Decreto-Lei 8/2011 de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas Entidades Locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e

simplificación administrativa), vindo ser a primeira vez que unha lei establecía un límite global distinto do que resultaba do equilibrio (segunda formal) entre ingresos e gastos (de conformidade co artigo 165.4 TRLRHL, "cada uno de los presupuestos que se integran en el presupuesto general deberá aprobarse sin déficit inicial).

Con arranxo ao artigo 12 da LOEPYSF:

- 1. La variación del gasto computable de la Administración Central, de las Comunidades Autónomas y de las Corporaciones Locales, no podrá superar la tasa de referencia de crecimiento del Producto Interior Bruto de medio plazo de la economía española. No obstante, cuando exista un desequilibrio estructural en las cuentas públicas o una deuda pública superior al objetivo establecido, el crecimiento del gasto público computable se ajustará a la senda establecida en los respectivos planes económico-financieros y de reequilibrio previstos en los artículos 21 y 22 de esta ley.*
- 2. Se entenderá por gasto computable a los efectos previstos en el apartado anterior, los empleos no financieros definidos en términos del Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales, excluidos los intereses de la deuda, el gasto no discrecional en prestaciones por desempleo, la parte del gasto financiado con fondos finalistas procedentes de la Unión Europea o de otras Administraciones Públicas y las transferencias a las Comunidades Autónomas y a las Corporaciones Locales vinculadas a los sistemas de financiación.*
- 3. Corresponde al Ministerio de Economía y Competitividad calcular la tasa de referencia de crecimiento del Producto Interior Bruto de medio plazo de la economía española, de acuerdo con la metodología utilizada por la Comisión Europea en aplicación de su normativa. Esta tasa se publicará en el informe de situación de la economía española al que se refiere el artículo 1.5.5 de esta Ley. Será la referencia a tener en cuenta por la Administración Central y cada una de las Comunidades Autónomas y Corporaciones Locales en la elaboración de sus respectivos presupuestos (...)."*

Se en diversos momentos ha de verificarse que os estados, contas e orzamentos municipais axústanse ás previsións da regra de gasto, é con motivo da liquidación do orzamento cando adquire maior sentido esta análise en canto trabállase non xa con previsións senón cos datos de real execución, de tal maneira que será agora cando se poderá comprobar fidedignamente se o orzamento do ano 2018 axustouse na súa execución á regra do gasto unha vez fixado definitivamente tamén o gasto computable base, unha vez xa liquidado o orzamento do ano 2017.

Debe calcularse nun primeiro momento e como punto de partida o gasto computable do orzamento do ano 2017 para, unha vez definido o mesmo aplicarlle a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española fixada polo Goberno (e que para o ano 2018 supuxo un 2,40%) e obter así o gasto computable máximo (en empregos non financeiros) do ano 2018.

O artigo 12 da LOEPYSF esixe, pois, ás Entidades Locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación. Para as Corporacións Locais cúmprese a Regra de Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.



Como punto de partida ha de atenderse, como se dixo, ás obrigas recoñecidas (netas) no ano 2017 conforme os datos que arroxo a liquidación do orzamento do citado ano:

AUDITORIO, ANO 2017:

CAPITULO	IMPORTE
Capitulo I. Gastos de persoal	797.665,15
Capitulo II. Bens correntes e servizos	1.811.730,8ç
Capitulo III. Gastos financeiros	0,0ç
Capitulo IV. Transferencias correntes	19.500,0ç
Capitulo V. Fondo de continxencia	0,0ç
Capitulo VI. Investimentos reais	21.051,2ç
Capitulo VII. Transferencias de capital	0,0ç
TOTAL	2.649.947,23

Con arreglo al artículo 12 LOEPYSF, la citada cuantía

- debe minorarse (Artículo 12.2) no importe de "os intereses da débeda" (...) e a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas"
- podería incrementarse (Artigo 12.4) no importe en que se estima prodúzase, no seu caso, un incremento da recadación das táxas/prezos públicos como consecuencia, por exemplo, da modificación das ordenanzas fiscais
- así mesmo, cando se apróban cambios normativos que supoñan diminucións de recadación (Artigo 12.4 segundo parágrafo) o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos en que se produzan as diminucións de recadación deberá diminuírse na contía correspondente.



Por otra parte, han de tenerse en cuenta los ajustes a practicar con arreglo al SEC. Para la determinación de los ajustes y su importe se ha de considerar el punto 1, "Cálculo de los empleos no financieros excluidos intereses para unidades sometidas a un Plan General de Contabilidad Pública", de la "Guía para la determinación de la Regla del Gasto del artículo 12 de la Ley 2/2012 Orgánica de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera para Corporaciones Locales".

Tras los oportunos ajustes (que se reflejan en el informe 612/2018 emitido por la Intervención, previo a la liquidación del año 2017), los cálculos están reflejados en dicho informe como sigue:

AXUSTES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL	
(-) Alieamento de terreos e investimentos reais	0,00
(+)/(-) Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar	-7.479,94
(+) /(-) Arrendamento financeiro	0,00
TOTAL AXUSTES	7.479,94

GASTO COMPUTABLE LIQUIDACIÓN 2017	
Suma de capítulos 1 a 7 deducidos gastos financeiros	2.649.947,23
Axustes SEC (2017)	-7.479,94
Total empregos non financeiros en termos SEC	2.642.467,29
Transferencias entre unidades que integran a Corporación	
Gastos financiados con fondos finalistas (UE e outras AAPP)	793.323,26
Total Gasto computable exercicio 2017	1.849.144,03

Pola sua parte, as obrigas recoñecidas netas no ano 2018 ascenden os importes que se detallan de seguido:




AUDITORIO ANO 2018.

CAPITULO	IMPORTE
Capitulo I. Gastos de persoal	828.077,76
Capitulo II. Bens correntes e servizos	1.757.462,14
Capitulo III. Gastos financeiros	0,00
Capítulo IV. Transferencias correntes	11.500,00
Capitulo V. Fondo de continxencia	0,00
Capítulo VI. Inversións reais	321.067,17
Capítulo VII. Transferencias de capital	0,00
TOTAL	2.918.107,07

Seguindo a sistemática anteriormente exposta, o gasto computable da execución do orzamento do ano 2018 ascendería a:

GASTO COMPUTABLE LIQUIDACIÓN 2018	IMPORTES
Suma de capítulos 1 a 7 deducidos gastos financeiros	2.918.107,07
Axustes SEC (2017)	0,00
Total empregos non financeiros en termos SEC	2.918.107,07
Transferencias entre unidades que integran a Corporación	
Gastos financiados con fondos finalistas (UE e outras AAPP)	861.220,62
Total Gasto computable exercicio 2017	2.056.886,45



Tendo en conta que non procede a realización de axuste algún en termos de contabilidade nacional, SEC-10 e que os gastos financiados con fondos finalistas procedentes de outras instancias administrativas serían os seguintes:

GASTOS FINANCIADOS CON FONDOS FINALISTAS 2018 ORN

Convenio anual Deputación A Coruña	180.000,00
Proxecto gasto 2017/3/WOMAR/1 WOSTMATS Fondos Europeos	101.426,37
Convenio Consorcio Cidade Santiago Actividades Culturais	229.050,40
XV Festival Internacional Cortocircuito	111.043,85
XXXII Festival Internacional Cineuropa	211.700,00
Convenio Deputat.Provincial programación anual 2018	28.000,00
TOTAL	861.220,62

Cuantificado o gasto computable dos anos 2017 e 2018 (en atención a liquidación dos distintos ejercicios), tense que verificar que iste último non excede do límite resultante de aplicar o gasto computable do ano 2017 a tasa de referencia de crecemento aprobada polo Consello de Ministros na súa sesión de 7 de Xullo do 2017, antes citada.

Gasto computable 2017	1.849.144,03
Taxa de variación do gasto computable	x 2,40%
Total Gasto computable	1.893.523,49
Incrementos recaudación 2018	0,00
Disminucións recaudación 2018	0,00
Gasto computable máximo en el ejercicio 2018	1.893.523,49

Sendo o gasto computable posto de manifesto na liquidación do ano 2018 de 2.056.886,45 euros, adviértese que supera o límite máximo de 1.893.523,49, o que implica un incumplimento por parte do organismo da Regra de gasto na liquidación do ejercicio económico do 2018.



O orixe o causa diste incumprimento que xa se tería presentado con ocasión da aprobación do orzamento do organismo para o no 2018 e obvia, é deriva, nunha apreciación directa, da actuación de investimento que por importe de 550.000,00 euros incorpora o orzamento cuxa liquidación se informa, incidindo na liquidación, a efectos da regra de gasto, polo importe executado no ano. Estes gastos de investimento que teñen carácter extraordinario inda que se financian con transferencia condicionada do Concello e que polo tanto revisten natureza finalista ou afectada , teñen a consideración de gasto computable os efectos da verificación do cumprimento da regra de consolidación fiscal.

Con todo, debe terse en conta que o obxectivo da Regra de gasto, o igual que o de estabilidade orzamentaria, é “conxunto” para os entes que forman parte do mesmo bloque da administración ou, por utilizar a mesma expresión do agora derogado TRLGEL, do mesmo grupo de axentes. Por ilo, ao resultado que arroxa o organismo autónomo Auditorio de Galicia se lle sumará aritméticamente o do ente matriz (Concello) e demais entes incluídos no perímetro de consolidación, determinándose nese momento si se ten cumprido ou non o obxectivo da regra de gasto, así como os obxectivos de debéda pública e estabilidade orzamentaria é as consecuencias que previstas na normativa de estabilidade orzamentaria poideran derivarse en caso de incumprimento.

VII.- CONCLUSIONES.

A liquidación do orzamento do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia correspondente o exercicio económico do 2018 e deducido dos estados contables incorporados o expediente, por de manifesto unha boa situación de solvencia financeira no curto prazo do organismo, derivada dun resultado orzamentario no exercicio que se liquida, que se sitúa nun valor contable positivo de 153.498,21 euros e un excedente de liquidez acumulada que se manifesta a través do Remanente de Tesourería para gastos xerais por importe de 292.249,79 euros.

Os fondos líquidos o peche do exercicio 2018 acadan a cifra de 509.086,45 euros, obténdose un Índice de liquidez inmediata no exercicio da liquidación, entendido como a relación dos fondos líquidos e a diferenza entre as obrigas pendentes de pago e os pagos pendentes de aplicación, de 0,58, o que significa que por cada euro que debe o organismo dispón de 0,58 céntimos de euro en caixa; agora ben se na determinación deste indicador consideramos os dereitos pendentes de cobranza, axustados deducindo dos mesmos os saldos de dubidoso cobro, obtemos un índice de 1,63, o que supón que tendo en conta as expectativas de cobranza por cada euro que debe o organismo dispón de 1,63 euros tendo en conta a súa posición líquida ao 31 de decembro e os saldos pendentes de cobro a dita data de peche.



En canto ao grao de execución dos ingresos do orzamento corrente, os ingresos liquidados supón un 100,36 % sobre as previsións definitivas, superior ao resultante da liquidación do exercicio anterior do 2017 que alcanzou o 95,04% do total dos ingresos. A evolución dos ingresos correntes sobre o total de dereitos recoñecidos reflíctese na táboa que inserimos a continuación:

CAPTULOS	DRN	% S/ DRN	TOTAL
Capítulo 3 Taxas e outros ingresos	549.993,08	19,85	
Capítulo 4 Transferencias correntes	2.216.087,37	79,99	
Capítulo 5 Ingresos patrimoniales	4.545,45	0,16	
TOTAL INGRESOS CORRENTES	2.770.625,90	100,00	


Polo que respecta ao grao de dependencia financeira do organismo autónomo respecto da Entidade matriz que viría dado pola relación entre a transferencia incondicionada para gastos de funcionamento satisfieita pola Administración municipal que ascendeu a 1.300.000,00 euros, respecto do total de dereitos recoñecidos netos por ingresos correntes, resulta ser do 46,92%, polo que se mantén en valores similares a exercicios anteriores, 47,07% e 47,15% nos exercicios 2017 e 2016, respectivamente.

Polo que respecta ao grao de execución dos créditos autorizados no estado de gastos verifícase un descenso significativo no nivel de execución do exercicio 2018 que se situou no 88,19%, fronte ao 94,84 e 95,10 dos exercicios anteriores do 2017 e 2016, respectivamente. Xa se apunto anteriormente neste informe que este menor nivel de execución está directamente relacionado cos gastos de capital, nos cales as obrigas recoñecidas supuxeron sobre os créditos definitivos un 58,32 % no exercicio cuxa liquidación se informa. Esta porcentaxe de execución dos gastos de formación de capital pon de manifesto un retraso na realización dos proxectos financiados coas dotacións consignadas no orzamento para esta finalidade, isto é, un retraso na capacidade de gasto, e remanentes de crédito a incorporar dun exercicio a outro, naqueles casos en que tales dotacións correspóndanse con remanentes de crédito de incorporación obrigatoria, como é o caso do único proxecto de investimento executado polo organismo no exercicio 2018 de adquisición e reposición de butacas para a sala do Auditorio que se financiaba integramente mediante un transferencia de capital condicionada do Concello por un importe total de 550.000,00 euros.

O peso relativo dos gastos de persoal (soldos e salarios, incentivos ao rendemento, cotas, prestacións e gastos sociais a cargo do empregador) respecto dos gastos correntes (Capítulos 1 a 4) alcanza a 31,89% fronte ao 30,34% e 29,40% dos exercicios 2017 e 2016. Esta porcentaxe é indicador do grao de rixidez do gasto corrente do organismo, é dicir, a importancia dos gastos que no conxunto dos de natureza corrente teñen un carácter máis estable ou fixo e por tanto son menos susceptibles de redución.

Finalmente indiquemos que as consideracións e conclusións expresadas no presente informe non se ven substancialmente modificadas ou condicionadas pola necesaria análise e no seu caso depuración das cantidades pendentes de cobranza de exercicios anteriores, por canto que foron sustraída da análise, naqueles casos en que resultou procedente, a provisión por insolvencias dotada para o exercicio, e en canto os cobros e pagos pendentes de aplicación orzamentaria, polo seu importe non resultan significativos por aplicación do principio de importancia relativa.

Santiago de Compostela a 15 de maio de 2019
O INTERVENTOR XERAL MUNICIPAL,



[Handwritten signature]

Aseto.: Juan Ramón González Carnero

